

Expediente núm.: 890/2025

Procedemento: Ordenanza municipal da xestión da biomasa e plantacións forestais

ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración da Ordenanza municipal da xestión da biomasa e plantacións forestais, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

A cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos durante o **prazo de 15 días hábiles** a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	A ordenanza da xestión de biomasa e plantacións forestais ven a reforzar a propia Lei do Solo, e axilizar a tramitación e resolución dos expedientes relacionados. Polo tanto a ordenanza ten como finalidade, cubrir a necesidade de normativa para a xestión da biomasa, nos ámbitos que quedan fora da lei 3/2007 e que son competencia municipal.
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	A ordenanza resulta de aplicación no marco do disposto na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia e na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e no Decreto



	143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
Obxectivos da norma	O obxecto da ordenanza é a regulación da xestión da biomasa nos terreos de solo urbano e núcleo rural, no termo municipal do Concello de Salceda de Caselas por non estar definidos na Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	Tendo en conta que o concello de Salceda de Caselas é eminentemente rural, e que as faixas de xestión definidas pola Consellería de Medio Rural non cobren a necesidade real de xestión de biomasa do concello, a ordenanza pretende abarcar todos os ámbitos nos que poidan correr risco as persoas, as infraestruturas, dotacións e vivendas dando cumprimento ademais ao art. 135.3 da Lei do Solo

